

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

**CPR SANTO TOMÁS-
PORRIÑO.**

Curso 2014-2016.

ÍNDICE

<u>1.DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.....</u>	<u>3</u>
<u>2.ANÁLISE DO CONTEXTO.....</u>	<u>4</u>
<u>2.1.ANÁLISE DO ENTORNO SOCIOECONÓMICO.....</u>	<u>4</u>
<u>2.2.ANÁLISE DO CENTRO EDUCATIVO.....</u>	<u>5</u>
<u>2.3.ANÁLISE DAS PRÁCTICAS LECTORAS.....</u>	<u>6</u>
<u>3.ACCIÓNS LEVADAS A CABO NOS ÚLTIMOS ANOS RELACIONADAS CO FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITURA.....</u>	<u>6</u>
<u>3.1.ACCIÓNS LEVADAS A CABO PARA A MELLORA DAS CAPACIDADES LECTO-ESCRITORAS.....</u>	<u>7</u>
<u>3.2.MELLORA E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.....</u>	<u>7</u>
<u>3.2.1.Espazo físico.....</u>	<u>8</u>
<u>3.2.2.Organización e funcionamento.....</u>	<u>8</u>
<u>3.2.3.Horario de apertura e atención da biblioteca.....</u>	<u>9</u>
<u>3.2.4.Actividades de formación.....</u>	<u>10</u>
<u>3.2.5.Actividades para o fomento da lectura.....</u>	<u>10</u>
<u>4. PROXECTO LECTOR DE CENTRO.....</u>	<u>11</u>
<u>4.1. XUSTIFICACIÓN.....</u>	<u>11</u>
<u>4.2. OBXECTIVOS.....</u>	<u>12</u>
<u>4.3. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....</u>	<u>12</u>
<u>4.3.1. As familias</u>	<u>13</u>
<u>4.3.2. O colexio.....</u>	<u>14</u>
<u>4.4. ACTIVIDADES.....</u>	<u>14</u>
<u>4.4.1. Actividades propostas dende a biblioteca do centro.....</u>	<u>14</u>
<u>4.4.2. Actividades propostas dende a aula e a biblioteca de aula.....</u>	<u>16</u>
<u>4.4.3. Proxectos de tipo investigador.....</u>	<u>18</u>
<u>5. RECURSOS.....</u>	<u>18</u>

<u>5.1. MATERIAIS.....</u>	<u>18</u>
<u>5.2. HUMANOS.....</u>	<u>20</u>
<u>6. AVALIACIÓN.....</u>	<u>20</u>

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO.

TIPO: Colexio Privado Concertado de Educación Infantil Primaria e Secundaria.

NOME: CPR Santo Tomás.

ENDEREZO: A Florida s/n, Torneiros, Porriño

TELÉFONO: 986337614

CORREO ELECTRÓNICO: cprsantotomas@edu.xunta.es

DIRECTORA: Rita M^a Sío Lourido

2. ANÁLISE DO CONTEXTO.

2.1. ANÁLISE DO ENTORNO SOCIOECONÓMICO.

Porriño é unha das principais vilas da provincia de Pontevedra, ubicada no eixe Atlántico, considérase como nú de enlace entre o interior e a costa, co sur de Galicia e o norte de Portugal; está a dezaioito quilómetros da cidade de Vigo e tan só a doce da cidade de Tui e da fronteira con Portugal.

Porriño é a capital do val do Louro, río que percorre as terras chas deixando ao seu paso a lagoa das Gándaras de Budiño e unha extensa veiga na súa desembocadura. O amplo val está formado por terras fértiles de sedimentación e delimitado polas estribacións do monte Galiñeiro, ao oeste e o Faro de Budiño ao Leste.

O concello de Porriño, centro da comarca da Louriña é incluído no espazo natural do Baixo Miño, pois goza dun espazo socioeconómico privilexiados nos días. Xa dende a Prehistoria atopamos vestixios de gran interese que confiren a este enclave da xeografía galega un protagonismo especial.

Nas Gándaras atopouse un dos xacementos arqueolóxicos máis relevantes do Paleolítico galego, restos da Idade do Bronce e, pola súa estratéxica situación xa os romanos trazaron por aquí unha das súas vías principais.

Durante a Idade Media xurdiu unha importante clase señorial cuxos vestixios arquitectónicos reflicten a importancia que castelos e casas nobiliarias tiveron en Cans, Orbenlle, erbilone, Pontellas, Quirós, Budiño e Mosende.

Na parroquia porriñesa de Cans, por doazón de Afonso VII levantouse un mosteiro bernardo en 1151.

Do século XIV data a igrexa de Atios mentras que a de Budiño conserva todavía elementos da arte románica. Arquitectonicamente cabe destacar as peculiares arcadas e pilastras que conforman os soportes das súas “ Rúas “; pero quizais a estrutura pétreo que identifica a vila é o edificio do Concello, un complexo estilístico obra do xenial porriñés Antonio Palacios.

Budiño albergou un mosteiro da orde Benedictina, e Cans, dos Bernardos. Esta parroquia tamén posuía un castelo medieval do século XII no monte que hoxe conserva o topónimo de Castelo.

Tamén Chenlo albergaría un castelo que dominaba todo o Val do Louro mentras que Mosende posuía un mosteiro cuxa orixe data do século XIII.

O municipio está atravesado por unha moderna autovía que une Tui con Vigo. No extremo norte se lle incorporou a procedente de Ourense. Atópase a escasos quilómetros do aeroporto de Peinador e do porto de Vigo. Posúe estación de Ferrocarril e conta cun gran número de empresas asentadas no seu territorio.

Esta gran área económica está ademais rodeada de vilas de certa relevancia, capitais das súas comarcas respectivas, e próximas todas elas á gran cidade, o que fai que Porriño sexa integrante do núcleo

poblacional máis denso de Galicia. Tamén hai que subliñar a súa proximidade co norte de Portugal, cuxas relacións potencianse acotío desde os distintos foros de intercambios supranacionais.

As boas condicións físicas, os factores económicos aquí asentados e unha activa xestión dos centros de decisión abren para Porriño e a súa comarca un futuro de atractivo elevado.

A diversidade das empresas instaladas no municipio de Porriño é riquísima. Empresas de invernadeiros ligadas ao campo, químicas, farmacéuticas, de impresión, embalaxe, agroalimentarias, conxelados, embutidos cerámicas, construción, maquinaria e, sobre todo as extrativas de granito, xunto as cales iniciouse xa o asentamento dalgunhas de transformación pois a maioría deste produto expórtase en bruto.

O “ Rosa Porriño” é o granito que goza de maior fama. Exportado na súa maioría en bruto desde o porto de Vigo fundamentalmente a Europa, América e Xapón, cuxo elevado poder adquisitivo permítelles ornamentar as súas residencias e monumentos co cromatismo rosa do singular granito.

A explotación realizada ao aire libre nas canteira abarca unha extensión superior ás cen hectáreas. Na súa orixe a produción estaba orientada á exportación, pero hoxe existen fábricas de transformación que abastecen á cada vez maior demanda local e nacional.

O elevado volume de transaccións comerciais é un fiel reflexo da fecundidade económica desta terra: pensemos en que só a industria do granito pode chegar a faturar seiscentos mil euros, un atractivo para as entidades bancarias, das cales posúe esta vila un dos máis elevados índices de oficinas bancarias, potente economía é indudable que a vila e os seus habitantes vense altamente beneficiados: o alto poder adquisitivo ocasiona un fecundo comercio, desenrolo de polígono de vivendas, modernas instalacións de lecer, agrupacións sociais e un intenso dinamismo social do que participan as súas xentes. O elemento clave da súa tradición é o famoso “ pan do Porriño” con orixe no barrio dos Aloques no século XVIII. Ten os seus antecedentes nas guerras con Portugal como núcleo de abastecemento a ambos contendentes.

Porriño ten a súa orixe na súa situación de paso. Segundo a tradición nel inflúe decisivamente o paso do Camiño de Santiago, en torno ao cal instalárianse servizos de repouso e fonda para peregrinos, entre os que destacaría o mesoneiro Juan Porro de cuxa impronta quedaría o termo Porriño, mentres que outros apostan por un topónimo derivado do cultivo de porros.

2.2. ANÁLISE DO CENTRO EDUCATIVO

O colexio Santo Tomás conta cunha superficie total de 5.564 metros cadrados. distribuída en tres andares cunha superficie construída de 4.137 metros cadrados.

No semisoto atópase un patio cuberto, os vestiarios, baños, gabinete médico, aula de material deportivo e o almacén; No primeiro andar, atopamos por unha banda as dependencias administrativas e pola outra as aulas de Educación Infantil , 1º e 2º de Primaria aula de música, aula de desbobre,

laboratorio e aula de audición e linguaxe; No segundo andar, están o resto das aulas de primaria así coma as de secundaria, plástica, informática, biblioteca, aula de orientación pedagóxica e o comedor.

O centro conta cunha pista polideportiva de 829 metros cadrados. Diante do edificio hai unha zona de 2.525 metros cadrados destinados ao xogo e lecer. Dispón de ascensor co obxecto de cumprir coa normativa vixente para salvar as barreiras arquitectónicas.

O edificio foi construído e inaugurado no ano 1993, aínda que a súa primeira ubicación remóntase a hai máis de dúas décadas e a situación era no casco vello da vila.

2.3. ANÁLISE DAS PRÁCTICAS LECTORAS.

O noso alumnado procede dun barrio no que o nivel de estudos superiores por habitante é medio.

Como froito da nosa tarefa como educadores e da observación como docentes, podemos deducir que as principais dificultades coas que frecuentemente se enfrontan os nenos e nenas consisten en:

- Dominio mecánico da lectura e da escritura ten que mellorar.
- A expresión oral e escrita do alumnado ten que seguir avanzando.
- Vocabulario apropiado para a súa idade é insuficiente.
- Falta de comprensión debida a esta escaseza de vocabulario que manexa unha grande parte do alumnado e, nalgúns casos, á deficiente adquisición da técnica lectora (silabeo, falta de retención de datos...).
- Falta de motivación hacia a lectura e de hábito lector no alumnado, tanto por non ser unha actividade habitual nas familias como por dedicar a maior parte do tempo a outro tipo de actividades, fundamentalmente videoxogos ou televisión.
- Dificultade no seu desenvolvemento á hora de conseguir datos e realizar traballos a partir da investigación en diversas vías de información e na biblioteca.
- Baixa capacidade na localización de fontes de información adaptadas ás súas necesidades concretas e dificultades para seleccionar a información relevante e discriminar a información máis importante da que é secundaria.
- Problemas para elaborar textos e traballos integrando diversas informacións.
- Dificultades para elaborar esquemas e resumos.
- Problemas na selección de libros para lectura, por falta de recursos e de espírito crítico, de análise.

3. ACCIÓNS LEVADAS A CABO NOS ÚLTIMOS ANOS RELACIONADAS CO FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITURA

3.1. ACCIÓNS LEVADAS A CABO PARA A MELLORA DAS CAPACIDADES LECTO-ESCRITORAS.

- Asistencia a representacións teatrais, de monicreques,...
- Representación e/ou dramatización de contos por parte do propio alumnado
- Celebración de recitais poéticos no Centro Escolar.
- Exposicións de traballos realizados polo alumnado con diferentes motivos.
- Visitas a museos onde coñecer diversos modos de expresión para logo conversar, opinar, redactar, crear,...
- Encontros con autores/ilustradores
- Participacións variadas no programa da Radio Escolar
- Campañas de animación lectora .
- Asistencia a charlas e conferencias.

3.2. MELLORA E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

Ter unha biblioteca escolar ampla, completa e dinámica foi sempre un desexo presente na nosa comunidade educativa. É por iso, cando xa hai pouco máis de dúas décadas se deseñou o novo edificio do colexio, púxose especial interese na ubicación da sala destinada á Biblioteca escollendo unha zona con boa iluminación e con fácil acceso para todos.

A partires dunha reunión co claustro decídese formar un equipo de biblioteca que será o encargado de organizar e coordinar os cambios, actividades e adquisición de material, aspectos que se levarán a cabo para transformar a biblioteca nun espazo vivo e activo que servirá de centro neurálxico de referencia para toda a comunidade escolar.

O noso proxecto tiña como obxectivo facer da biblioteca un lugar atractivo para que o alumnado de todas as idades que convive no centro vexa nel un espazo de encontro e unhas actividades que lles resulten entretidas e formativas.

Para acadar estes obxectivos demos os seguintes pasos:

1. Realizáronse labores de acondicionamiento da sala que incluíron pintura, ampliación da iluminación, rede eléctrica e de acceso a Internet.
2. Revisouse todo o fondo bibliográfico existente facendo unha expurga do mesmo.
3. Solicitouse a inclusión no Programa Meiga de Biblioteca Escolar sendo aceptado xa anteriormente ao período 2014-2016
4. Reuicouse o mobiliario creando zonas destinadas aos diferentes niveis (Educación Infantil, Primaria e Secundaria).
5. Adquiriuse novo mobiliario.

6. Creouse un espazo para os medios audiovisuais do que poden disfrutar todos os cursos e que consiste nun equipo móbil que conta cunha pantalla de 42 polgadas, reprodutor de DVD, proxector de vídeo e un ordenador portátil.
7. Instalouse en todo o edificio un sistema wifi de acceso a Internet que incluíse tres postos fixos na Biblioteca a disposición do alumnado.
8. Deseñáronse casilleiros por cursos con marcadores e marcapáxinas para que os alumnos poidan realizar horas de lectura dirixida ou libre na mesma biblioteca.
9. Estableceuse un horario de apertura o máis amplo posible para o cal colaboraron todos os mestres facendo quendas de mañá e tarde durante todo o curso.
10. Escolleuse como mascota o espantallo Tomasiño decidindo situalo na mesma biblioteca e que servirá de expositor das novidades e das lecturas recomendadas mensualmente.

3.2.1. Espazo físico

A nosa idea era crear un lugar de doada mobilidade que nos dese a posibilidade, efectuando pequenos cambios, de transformar e reconverter os espazos. E o realizamos do xeito seguinte:

Cara a un lado atópase a “sala de lectura” (cos andeis de prensa, o dos traballos feitos polos alumnos e o dos cómics). O equipo “móbil de audiovisuais” dirixido a un determinado grupo do alumnado pódese situar en calquera lado aínda que tamén pódese situar no centro da biblioteca dirixido a un gran grupo.

Creamos unha “zona informática” na que se instalaron tres ordenadores con acceso a Internet para emprego dos usuarios. En todo o edificio instalouse un sistema WIFI. Preto da entrada situamos a zona de traballo bibliotecario. Dispoñemos dun ordenador que nos permitirá xestionar a biblioteca mecanizadamente. Ao seu carón sitúanse as “Recomendacións”. Tamén temos o “Recuncho dos cativos” especialmente acolledor. Para iso colocamos unha alfombra, coxíns, taburetes de cores...

O espazo da biblioteca prolóngase ata a entrada principal do colexio na que contamos cun expositor que nos permite achegar á “Sección de Adultos” destinado ás familias.

7 organización do profesorado para a súa atención

3.2.2. Organización e funcionamento

A nosa pretensión é que a Biblioteca Escolar sexa un espazo aberto e accesible para todos e cada un dos membros da comunidade educativa.

Existen unhas normas xerais de funcionamento da Biblioteca que son coñecidas por todos e todas. Cada comezo de curso o profesorado encárgase de recordarlle ao seu alumnado os cambios que poida efectuar o Equipo responsable da Biblioteca e que son sempre comunicados ao resto do profesorado.

Actualmente están expostas nun cartel informativo na porta de entrada da Biblioteca.

A creación dunha Comisión de Biblioteca dentro do Consello Escolar vai garantir a implicación das familias,

Todo o profesorado, incluído o Equipo Directivo, vai participar nas quendas de atención bibliotecaria como Grupo de Apoio, aínda que é o Equipo de Biblioteca o que vai soportar o peso maioritario das accións que se pretenden desenvolver.

Creouse un grupo de voluntarios e voluntarias do 3º ciclo para colaborar na xestión e organización da nosa Biblioteca, sempre baixo a tutela do profesorado encargado da mesma, que ten como obxectivos:

- Adquirir responsabilidade, autoestima e autonomía
- Implicarse no funcionamento da Biblioteca (empréstitos, CDU,...)

As tarefas e funcións que deben desenvolver son:

- Encargarse dos empréstitos e devolucións no recreo, xunto co profesorado encargado.
- Manter ordenados os libros.
- Suxerir determinados libros ao resto do alumnado cando o requiran, así como axudar na búsqueda de material sobre un tema determinado.
- Colaborar na celebración de conmemoracións e na decoración deste espazo.
- Asegurar o mantemento das normas da Biblioteca durante os recreos.

O Equipo da Biblioteca encargárase de elaborar uns carnés para que o grupo de voluntarios e voluntarias sexan identificados durante as súas tarefas. Ao finalizar o curso escolar faráselles entrega dun diploma acreditativo.

O Equipo de Biblioteca é o encargado de elaborar o novo Plan de Actividades para a dinamización da Biblioteca, que inclúa actividades de formación de usuarios, educación documental, dinamización cultural e fomento da lectura, así como ir avaliando periodicamente todo o proceso.

3.2.3. Horario de apertura e atención da biblioteca.

A Biblioteca Escolar permanece aberta durante todo o período lectivo para que calquera membro do Centro poida facer uso da mesma.

A atención concreta por parte do profesorado e o servizo de empréstito lévase a cabo durante as horas de Recreo e todas as tardes agás as dos martes para os alumnos de secundaria por ter clase ao longo desta tarde.

Ao comezo do curso adxudícaselle a cada titoría unha hora semanal para a utilización da Biblioteca con actividades programadas tanto de formación de usuarios coma de educación documental. Ademais, cada titor/-a pode facer uso da mesma no resto do horario dispoñible, previa comunicación aos responsables por cuestións de organización.

Todo o profesorado participa nas quedas de atención á biblioteca durante as actividades extraescolares.

Neste tempo os nenos e nenas poden traballar, ler e, como xa dixemos, utilizar o servizo de empréstito. Na entrada e saída do colexio as familias poderán utilizar o servizo de empréstito. Así mesmo no horario de actividades extraescolares poderán facer uso deste espazo educativo.

3.2.4. Actividades de formación

A principio de curso o coordinador xunto co equipo da Biblioteca encargouse de informar ao profesorado do centro sobre as normas e sistema de empréstitos e cunha guía de usuarios sobre o programa Meiga.

Tamén a principio de curso se formou a un grupo de alumnos voluntarios para apoiar nosistema de empréstito e catalogación de libros.

Como estamos a facer cambios dentro da estrutura da Biblioteca, non teremos deseñadas ata o próximo curso actividades encamiñadas á formación. Aínda que o alumnado xa está encamiñado a elaborar casilleiros, que abarcan os ciclos de Educación Infantil e Primaria, nos que colocarán os separadores elaborados por eles mesmos / as e que depositarán nos respectivos casilleiros por cursos. Cada curso terá os separadores dunha cor.

3.2.5. Actividades para o fomento da lectura.

Hai uns anos que no centro estamos levando a Cbo un concurso denominado “ OLIMPIADA DO SABER” co obxecto de fomentar no noso alumnadoo gusto pola investigación e a curiosidade de aprender.

Este concurso, que comeza en xaneiro e remata en maio, vai dirixido a nenos e nenas dende 3º de Educación Primaria ata 6º . Establécense dúas categorías.

Todos os luns se lles plantexan aos alumnos/as unha pregunta para cada categoría e dispoñen ata o xoves para responder. O venres aparecerá no tablón da Biblioteca a resposta e a puntuación de cada un dos participantespor categorías e así se fai todas as semanas ata o remate do concurso. Os rapaces e rapazas contan cos recreos e as tardes para consultar o material que necesiten da Biblioteca, lugar onde ademais poderán informarse das súas puntuacións ao longo de todas as semanas.

Dentro das aulas, os alumnos/as destacarán os libros que máis lles gustaron e cada mes, no RECUNCHO DAS NOVIDADES da Biblioteca, se exporán para o resto do alumnado do centro, sinalando as idades axeitadas a cada libro. Será a nosa mascota, O ESPANTALLO TOMASIÑO, quen

se encargará de informar neste recuncho e presentar as lecturas favoritas. Neste mesmo lugar colocaremos a prensa diaria para que os nenos e nenas estean informados do que acontece acotío.

Dispoñemos tamén dun espazo destinado á dramatización cun GUIÑOL onde os nenos/as poderán representar pequenas obriñas. Este lugar está habilitado cunha alfombra e uns coxíns e separado do resto dos rincóns por un moble, co obxecto de facelo máis acolledor.

Outra das actividades encamiñadas ao fomento da lectura realizámola en todas as clases de primaria e consiste en comezar todas as mañás con 10 minutos de lectura silenciosa. Cada neno pode ler o que queira, supervisado polo mestre/a que estea con eles/as e ao mesmo tempo nós lles aportaremos libros, revistas etc. Tamén poden traer lecturas da casa.

O alumnado de Infantil, 1º e 2º de Primaria teñen unha mascota viaxeira que levan cada fin de semana por turnos. Durante este tempo o alumno/a deberá levar á mascota con el/ela a todas as partes de modo que o luns lles poida contar aos compañeiros/as as actividades realizadas ao longo da fin de semana.

(Incluir foto)

4. PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

4.1. XUSTIFICACIÓN

Partimos da idea xeral de que a lectura é un instrumento fundamental na formación integral da persoa . A través dela, o individuo é capaz de desenvolver as súas potencialidades cognitivas, afectivas, sociais, morais, emocionais e creativas que lle axudarán a evolucionar globalmente así como a prepararse para a vida.

Ata agora, o alumnado na escola relacionouse sempre coa lectura a través dos libros de texto, entendéndoa como:

- Instrumento que ha de aprender mecánicamente nun primeiro momento, fixándose só en unir correctamente os grafemas.
- Intentando comprender o significado do lido para decodificar correctamente a mensaxe, nun segundo momento,
- Terminar mecanizándoa para logo esquecer porque a entende como un mero recurso para aprobar as asignaturas, que é o obxectivo último.

Isto fai que a lectura lles resulte en xeral imposta, desmotivadora e aburrida.

A elaboración deste Proxecto Lector responde á necesidade de mellorar en xeral as competencias comunicativas do noso alumnado a nivel de comprensión e expresión, tanto oral coma por escrito.

Todo o profesorado do centro se implicou na elaboración deste Proxecto e, por tanto, asumimos a necesidade de desenvolver e mellorar a comprensión e expresión oral e escrita do noso alumnado e traballar con este fin en todas as áreas do currículo convertindo este obxectivo no eixo vertebrador de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Con este Proxecto pretendemos conseguir:

- Mellorar substancialmente os resultados académicos do noso alumnado a través do desenvolvemento dos instrumentos imprescindibles para iso: a expresión e a comprensión oral e escrita.
- Aumentar a motivación dos alumnos e alumnas e mellorar as súas actitudes hacia a aprendizaxe.
- Fomentar entre os estudantes o pracer pola lectura, desenvolver o seu sentido crítico e proporcionarlles alternativas ao ocio pasivo e consumista no que se cae en moitas ocasións.

4.2. OBXECTIVOS

A intencionalidade deste Proxecto é conseguir que o noso alumnado se convirta en lectores e lectoras polivalentes capaces de:

- Utilizar diferentes tipos de lectura (silenciosa, en voz alta, lectura rápida, selectiva e lenta).
- Manexar diferentes tipos de textos (literarios, científicos, técnicos, argumentativos, continuos e discontinuos).
- Ler en diferentes soportes (periódicos, enciclopedias, pantalla de ordenador, diapositivas, mapas, películas...).
- Ter motivacións variadas para a súa lectura (para informarse, para buscar un dato, para aprender, para o disfrute persoal...).
- Apropriarse de diversos espazos de lectura (a aula, a biblioteca escolar, a biblioteca pública...).
- Que se propoña o traballo en grupo, dentro e fóra da aula, como medio de fomentar os intercambios orais e para conseguir unha aprendizaxe colaborativa.

Para favorecer a posta en marcha do Proxecto Lector, os seus obxectivos incorporaranse aos Plans Anuais de Centro dos próximos anos, co obxecto de encamiñar todas as actuacións educativas a conseguilos; por tanto, a súa posta en marcha será revisada trimestralmente e avaliarase ao final de cada curso escolar.

Ademais, o desenvolvemento do presente proxecto será a base para a elaboración tanto do novo Proxecto Educativo do Centro coma dos Proxectos Curriculares e do Plan de Lectura Anual.

4.3. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Calquera lugar é válido para animarse a ler: o fogar, o colexio, a biblioteca pública, a escolar,..

4.3.1. As familias

Teñen un papel destacado dentro da biblioteca porque deben influir no hábito lector dos seus fillos. por iso tamén temos un espazo reservado para empréstitos as familias creado con fondos do centro , das familias e o profesorado.

Con esta iniciativa durante estes dous anos comprobamos que os logros foron positivos porque hai moita demanda e movemento no sistema de empréstito e ten unha influencia tamén positiva nos seus fillos/as

As familias poderían axudar moito aos seus fillos e fillas a través do fomento dos hábitos lectores constituíndose en exemplo vivo e modelo a seguir, frecuentando bibliotecas acompañados dos seus fillos/as, léndolles e contándolles contos desde moi pequenos, favorecendo un espazo e un tempo para a lectura en familia e/ou individual, agasallando con libros,...

Con este Proxecto Lector tentaremos inculcar tanto no noso alumnado como nas súas familias os beneficios da lectura, tanto como instrumento de formación e de información como de ocio.

Tentaremos animar ás familias (a través de reunións colectivas ou individuais esporádicas, con cartas ou con assembleas convocadas para tal fin) para que nos axuden e apoiem na consecución do obxectivo que fai referencia a espertar o interese pola lectura, xa que a súa axuda é fundamental no éxito desta empresa.

Explicaráselles que estamos a facer, con que fin, como o levamos a cabo e cal pode ser a súa colaboración na casa. Ademais trataremos de convencelos das vantaxas que reporta o hábito lector , cales son os tipos de lectura máis recomendados para cada idade, que accións facilitan o achegamento á lectura, cales producen rexeitamento, que actividades fomentan o disfrute,...

Algunhas actividades que os pais e nais poden levar a cabo na casa cos seus fillos e fillas serán: acompañalos á librería a elixir libros, regalarles un de vez en cando, sacar en empréstito algún libro da biblioteca pública, interesarse polo que están a ler, pedir que lles lean en voz alta, propiciar un tempo e un espazo cómodo, non castigar coa lectura, no poñelos ante a disxuntiva de elixir entre a lectura e outra forma de ocio, motivalos para que formen a súa propia biblioteca, conferir valor a calquera tipo de libro mentras se está espertando o hábito lector, porque xa virá o momento no que eles mesmos elixan de maneira crítica as súas lecturas, utilizar os libros para ler e non para decorar, propiciar que se xogue co libro a través das imaxes da portada, vendo os debuxos do interior,..animalos a participar das actividades da biblioteca, ler xuntos algún libro, por exemplo, pequenas obras de teatro, animalos a representalas con motivo dunha festa familiar,...

En contrapartida, o que non deberían facer nunca sería obrigar a ler, castigar, esixir, condicionar, avaliar criticamente as lecturas do seu fillo/a.

4.3.2. O colexio

Correspóndelle ao profesorado planificar o ensino da lectura, modelar as estratexias lectoras e favorecer o clima para que os nenos e nenas poidan ter ricas experiencias de lectura e escritura, desde unha intervención directa orientada á potenciación da autonomía lectora do alumnado.

4.4. ACTIVIDADES

Dentro do ámbito do colexio poderemos diferenciar as actividades nadas na Biblioteca do centro, na aula ou na biblioteca de aula e a partir de proxectos de tipo investigador cun carácter formativo e informativo propostos a partir da motivación do alumnado.

4.4.1. Actividades propostas dende a biblioteca do centro.

Consideramos que a Biblioteca Escolar pode e debe ser o lugar e o vehículo máis axeitado para unha educación interdisciplinar. Esa foi a razón que nos animou a elaborar un completo Plan de Mellora da nosa Biblioteca Escolar: **“Ler e Aprender, todo un Pracer”**, co que pretendemos crear un espazo aberto a toda a comunidade educativa e ofrecer a un tempo información, formación e lecer.

A Biblioteca Escolar debe servir de axuda para formarse na busca de calquera tipo de información e nela deberán levarse a cabo toda unha serie de actividades que haberán de ser múltiples, variadas e relacionadas coas diversas materias do currículo, así como cos temas transversais e proxectos educativos plurianuais que se poñan en marcha.

Estas actividades deberán abarcar:

- A formación de usuarios.
- Educación documental.
- Dinamización Cultural.

Para realizar unha boa animación lectora desde a biblioteca escolar propónse realizar varios tipos de actividades, para o que haberá que buscar tempo de entre as diversas asignaturas impartidas, co convencemento de que non é tempo roubado ás mesmas nin tempo perdido, senón unha boa inversión no desenvolvemento das destrezas lectoras que se obtén de forma lúdica pero que redundará na adquisición de novos coñecementos.

Estas actividades poderán ser de diversos tipos: por un lado realizaránse actividades de formación de usuarios para asegurar o desenvolvemento autónomo e seguro dos nenos/as no espazo bibliotecario, así como para favorecer a búsqueda da información cos diversos recursos que a biblioteca, tanto escolar coma municipal ou calquera outra á que poideran asistir, lles proporciona.

Entre estas actividades realizaremos:

- Decoración da biblioteca escolar con motivos referentes a épocas ou proxectos concretos que se queiran traballar.
- Colocación en sitio visible das normas básicas que rixen a convivencia e o bo uso da biblioteca escolar...
- Proporcionar información sobre como consultar os recursos.
- Pór un expositor para mostrar as últimas adquisicións ou suxerencias do Equipo de Biblioteca.
- Elaborar e propor a realización de toda unha serie de fichas relacionadas co coñecemento da Biblioteca e co seu funcionamento.
- Recibir aos autores que nos poidan proporcionar as editoriais.
- Seleccionar coleccións de libros cun tema concreto, relacionados con algunha das unidades didácticas nas que se estea traballando e prestárllelos ás aulas que o soliciten.
- Continuar coa formación do alumnado colaborador da biblioteca para que axuden nos labores de catalogación e mantemento, conseguindo así que o alumnado sinta máis súa a biblioteca.
- Elaborar os carnets de biblioteca para o alumnado de nova incorporación e para todo aquel que o teña extraviado ou deteriorado.
- Realizar xogos competitivos de investigación nos que se presenten varias pistas que leven unhas a outras e que requiran unha búsqueda entre os recursos da biblioteca. Cada pista resolta premiarase con puntos.
- Manter unha Sección de Adultos para abrir a nosa Biblioteca Escolar ás familias interesadas
- Acoller ás actividades propostas por outras bibliotecas e institucións, se nos parecen axeitadas.
- Realizar o mantemento do catálogo de libros, do resto de recursos e dos lectores/as a través do programa informático MEIGA para a xestión das bibliotecas públicas e escolares.
- Realizar estatísticas sobre diversos aspectos que nos axuden a coñecer mellor a nosa biblioteca.
- Elaborar e difundir guías de lectura con variedade de criterios: pedagóxicos, literarios,...
- Prestar lotes periodicamente para as bibliotecas de aula.
- Utilizar os recursos informáticos e internet para a consecución de información e para axudarnos a elixir libros ou información útil para o noso alumnado.
- Emitir boletíns informativos nos que se transmitirán as novidades, orientacións sobre as lecturas máis adecuadas, convocatorias do noso centro ou doutros centros ou institucións, etc,...
- Realizar empréstitos con criterios axeitados aos alumnos/as concretos, orientando a quen o solicite, pero deixando liberdade de elección.
- Propoñer actividades de contacontos, dramatizacións,... realizadas tanto polo alumnado coma polos pais/nais, avós/avoas, etc que queiran participar activamente na vida escolar dos seus fillos e fillas.

- Fomentar actividades encamiñadas a favorecer a expresión escrita do alumnado nos diferentes estilos literarios (narrativa, poesía, teatro, ...), coa participación en diversos certames e convocatorias literarias que se nos ofrecen aos centros ou que nós mesmos organicemos, con temas propostos ou libres.
- Organizar concursos de carteis, marcapáxinas,... con motivos de diversas efemérides: Día da Paz, Semana das Letras Galegas, ...
- Colaborar na preparación de diversas obras de teatro ou dramatizacións que serán representadas durante os festivais organizados polo colexio,
- Continuar coa edición da Revista escolar que se seguirá a pór a disposición de cada unha das clases e da biblioteca escolar para aproveitala de cara á profundización do traballo de lecto-escritura. Tamén se intercambiará coas producidas noutros centros.
- Recuperar tradicións orais e escritas que se están a perder, do tipo de cancións populares, xogos infantís, receitas de cociña tradicionais,... que os nenos/as poden recoller nun libriño para regalar ás súas familias ou para conservar na Biblioteca do Centro.
- Visionar películas procedentes de adaptacións de libros. Esta actividade levarase a cabo en colaboración coa biblioteca de aula xa que previamente haberá de lerse o libro e despois compararanse aspectos como a fidelidade do tema, a forma de expresión, os recursos utilizados, a riqueza de vocabulario, a comunicación non verbal,...
- Relacionarnos con outras bibliotecas fomentando e ampliando as visitas que actualmente se realizan.
- A biblioteca escolar transformarase nunha aula didáctica, onde o alumnado poida descubrir novos coñecementos, investigar sobre o que lle interese, ler libremente,... En definitiva, que descubra o pracer de ler e o gusto por adquirir novos coñecementos.

Esta biblioteca do centro, a través da dinamización dos seus recursos, entrará en estreita vinculación e cooperación coas diversas bibliotecas de aula, ás que surtirá e completará, posto que o fin último de ambas é común: fomentar a lectura da comunidade educativa e prove-la de recursos válidos para a súa formación, información e ocio.

4.4.2. Actividades propostas dende a aula e a biblioteca de aula

A biblioteca de aula, ata agora, consistira en ter unha pequena colección de libros de lectura nas clases que servía para encher tempos entre actividades, facer pequenos empréstitos para casa, etc. Tamén conta esta biblioteca cuns dicionarios de español e galego e con libros excedentes de editoriais que en moitos casos non se usan e que, en ocasións, están obsoletos.

Propoñémonos cambiar esta situación para dinamizar máis estas bibliotecas e para iso plantexamos as seguintes actividades:

- Solicitar periodicamente coleccións de libros á biblioteca do centro que fagan referencia aos diversos temas que esteamos traballando na clase.
- Establecer un horario de utilización da biblioteca de aula para a lectura lúdica ou para a investigación.
- Participar nas propostas que nos cheguen procedentes da biblioteca do centro, tanto no uso coma no mantemento dos seus recursos.
- Implicar ás familias na elaboración de actividades de tipo intelectual ou lúdico. Estas actividades poden ser a confección de libros viaxeiros que se regalarían á biblioteca, a preparación de contos, dramatizacións, visitas a outras bibliotecas, empréstitos en horarios extraescolares,...
- Realizar pequenos proxectos de traballo que se irán ampliando paulatinamente en función da nosa motivación e intereses.
- Afianzar o empréstito de libros para ler na casa como alternativa de ocio.
- Participar nos programas de formación de usuarios propostos pola Biblioteca do Centro.
- Avaliar os recursos e a súa aplicación ás nosas necesidades, así como a nosa implicación e pericia na búsqueda de información.
- Utilizar os recursos de tipo informático para obter a información que se nos presente nese formato.
- Propoñer a realización de diversos traballos de investigación que impliquen a necesidade de buscar a información tanto na Biblioteca do Centro coma na biblioteca municipal xa que son outras alternativas posibles e válidas.
- Fomentar o traballo en grupo como medio de facilitar os intercambios orais e de axudarlles a obter unha maior comprensión e interpretación dos textos.
- Preparar exposicións orais sobre os traballos realizados, apoiándose en calquera tipo de soporte ou material.
- Participar na realización dos programas para a radio (contos, noticiarios, poemas, cancións, refráns, receitas, opinións, ...), coa intención de favorecer a expresión escrita, a expresión oral e a motivación ante as actividades de linguaxe. Potenciarase a búsqueda de información na biblioteca do centro ou a través de páxinas de internet, de periódicos, etc.
- Colaborar na elaboración da Revista escolar **Entérate** que lles serve como práctica de expresión verbal e escrita.
- Propoñer a implicación das familias para que nos conten historias, nos canten cancións da súa época, nos ensinen os xogos aos que eles xogaban cando eran pequenos,..
- Elaborar para a biblioteca un libro de refráns, adiviñas, trabalinguas, retahílas. etc...

- alumnado creará os seus propios contos e contaranos ou leranos en voz alta aos outros nenos e nenas da mesma clase ou doutros cursos.
- Escenificar contos a través de lecturas dramatizadas, de monicreques, de sombras chinesas,...
- Outra actividade poderá consistir en ler todos o mesmo libro nun tempo determinado para despois comentalo conxuntamente.
- Asistir a obras de teatro, recitais poéticos, proxeccións de películas, museos, exposicións,...adaptados a cada idade e garantindo o seu aproveitamento didáctico coa realización de actividades previas e posteriores á visita.
- Visitar a redacción dun periódico e dunha emisora de radio.

4.4.3. Proxectos de tipo investigador

A metodoloxía do traballo a traverso de proxectos require especialmente a interrelación do alumno/a cos medios que a biblioteca do centro lles pode ofrecer para realizar o traballo de aprender a aprender, é dicir, enfrentarse a pór en práctica todos os coñecementos que adquiriu como usuario/a da biblioteca, sabendo acceder á información, desenvolvendo a súa capacidade de análise e síntese, a discernir entre o fundamental e o secundario, a ser crítico, a diferenciar entre o que lle interesa e o que non,...

A biblioteca escolar xoga aquí un importante papel, tanto na preparación de actividades que o profesorado pode plantexar coma no traballo dos nenos e nenas, de maneira que vaian construíndo progresivamente uns coñecementos cada vez máis relevantes e elaborados e un procedemento axustado ás súas necesidades e posibilidades.

Todas as áreas poden prestarse á realización de innumerables traballos de investigación que partan da motivación dos nenos e nenas e que requiran deles o esforzo que as propias capacidades individuais poidan ofrecer, avaliándoos en función desas propias posibilidades.

As actividades que se propoñan poderán referirse a calquera dos ámbitos do coñecemento que se traballan na escola, establecéndose unha interrelación entre as asignaturas. Non só se referirán ás asignaturas que tradicionalmente se achegaron máis á biblioteca como é o caso de

Lingua e Literatura. Tamén cabe aquí a investigación en Matemáticas, cos recursos que a biblioteca pode aportar, incluso de carácter lúdico, experimentos de tipo físico, mecánico,... con libros que nos amosan un grande número de experiencias con auga, aire,....., actividades de cociña que requiran unha documentación para a súa elaboración (como por exemplo, receitas de nadal, entroido,...), etc.

5. RECURSOS

5.1. MATERIAIS

As aportacións económicas que recibimos durante os pasados cursos para a biblioteca do centro, tras ser aprobado o noso Proxecto de Mellora da Biblioteca Escolar, axudáronnos enormemente a mellorar os recursos materiais cos que contar para a posta en marcha do noso Proxecto Lector.

Os recursos cos que contamos son:

- Libros de consulta das distintas materias, sendo preciso ampliar aquelas que se atopan menos representadas na biblioteca para equilibrar os nosos fondos bibliográficos.
- Materiais adecuados para a atención á diversidade. O noso Centro comeza a acoller alumnado inmigrante, algo que hai que ter en conta á hora de propor novas adquisicións.
- Suscripcións a revistas infantís e de interese educativo.
- Libros de temática variada (literatura de ficción, educativos, poesía, cociña, ...) de interese para as familias.
- Material educativo en soporte informático.
- Películas de interese educativo e de formación en valores, con especial incidencia na cultura de paz e na igualdade de xéneros.
- Gravacións musicais.
- Dúas cámaras de fotografía dixital para incorporar a imaxe ás tarefas de aula.
- Ordenadores para uso do alumnado.
- Un escáner.
- Unha impresora A3 en color.
- Un televisor con conexión para cascos.
- Tres cascos.
- Un aparato de vídeo.
- Un aparato reproductor de DVD.
- Un canón proxector.
- Unha pizarra dixital.
- Unha cámara de vídeo.
- Equipo de son.
- Micrófonos inalámbricos.
- Unha pantalla para proxeccións.
- Unha minicadea musical.
- Unha gravadora.
- Un disco duro extraíble.
- Material vario (papel, tinta de impresora) para a edición da revista escolar.
- Instalación dun telón no escenario da Biblioteca.

5.2. HUMANOS

En principio, contamos para desenvolver este Proxecto con sete persoas que compoñen o Equipo de Biblioteca, incluídos os coordinadores da biblioteca e do ENL. e co apoio de todo o profesorado porque consideramos que recolle e sistematiza unha serie de inquietudes presentes para todo o claustro e traducidas en actividades que se están a levar xa a cabo en maior ou menor medida, e porque engloba e vertebra o resto dos proxectos educativos do centro, marcándolles unha finalidade común.

Estamos convencidos de que a posta en práctica do noso Proxecto reducirá, a medio prazo, unha grande parte dos problemas de aprendizaxe e motivación cos que nos atopamos actualmente no noso centro escolar.

6. AVALIACIÓN

A avaliación do Proxecto Lector efectuarase, coma calquera outro elemento programado, polo Claustro na súa totalidade, xa que este é o órgano colexiado do Centro. Porén, as persoas máis directamente implicadas neste proceso avaliativo serán:

- O equipo directivo, encargado de asegurar a posta en práctica do presente Proxecto Lector.
- A profesora responsable do funcionamento da biblioteca e as coordinadoras das actividades que se desenvolvan en torno ao uso dos recursos bibliográficos e documentais, así como do Plan Anual de Lectura.
- O profesorado titor e participante nas actividades de animación lectora e que teñan integrado a biblioteca como elemento indispensable da súa práctica docente.
- O alumnado, como protagonistas fundamentais das tarefas que se programaron na animación lectora e na biblioteca. Eles deberán analizar as destrezas que adquiriron no manexo da información.
- As familias implicadas, tanto directamente por ter realizado actividades entorno á lectura no centro, como indirectamente, ao propiciar a lectura dos seus fillos e fillas.

Estableceranse reunións avaliadoras periódicas que permitan analizar os procesos, as adquisicións e os recursos, establecendo criterios correctores para aqueles aspectos que se deban mellorar.

Os instrumentos que se arbitrarán serán os seguintes:

- Observación e rexistro dos procesos e dos resultados obtidos en fichas consensuadas polo equipo que avalía.
- Enquisas e cuestionarios.
- Autoavaliación.

- Avaliación dos recursos materiais e persoais, emitíndose informes para a mellora en próximos cursos..
- Exploración dos coñecementos previos do alumnado e dos recursos cos que conta para asumir as modificacións oportunas para os seguintes cursos.

En todo caso, haberán de avaliarse os seguintes aspectos:

- A competencia comunicativa do alumnado

A incidencia do Proxecto Lector na mellora das competencias comunicativas do alumnado será avaliada en cada unha das materias, polo profesorado de cada área e posta en común no Claustro que analizará os resultados, extraerá conclusións e propondrá os reaxustes necesarios para continuar avanzando na consecución dos obxectivos propostos no proxecto.

- O uso de estratexias de información e comunicación

Este aspecto recibirá unha especial atención por parte do coordinador/a do Proxecto das TIC, dada a necesidade que conleva do manexo das tecnoloxías da información e comunicación.

- As actividades de dinamización cultural

Esta avaliación basarase no grao de participación do alumnado, na observación do seu comportamento durante o desenvolvemento das actividades e na realización de enquisas para que o alumnado poida valorar as propostas que se lle ofreceron e suxerir outras que sexan do seu interese.

- Plan de mellora da biblioteca

Corresponderalle fundamentalmente ao equipo colaborador, baixo a dirección da coordinadora do plan. Basarase na realización de enquisas, no grao de aceptación das propostas polo alumnado, as familias e os docentes, na análise das estatísticas de empréstitos, na cantidade e calidade das producións realizadas polo alumnado a proposta da biblioteca e no grao de utilización de todos os recursos dispoñibles por parte dos usuarios potenciais.

Realizarase unha memoria anual que sirva para adecuar o Plan de mellora da Biblioteca ás situacións cambiantes e para correxir os fallos que se detecten no mesmo.

- Plan de Lectura

A avaliación do Plan de Lectura, ao atoparse integrado no Proxecto Educativo de Centro, nos Proxectos Curriculares e no Plan Anual de Centro, será realizada trimestralmente polo Claustro de Profesorado, baixo a dirección do Equipo Directivo.

Ao final de cada curso escolar realizarase unha memoria e ao comezo do seguinte concretaranse as liñas xerais aquí expostas nunha programación concreta na que se detallan con maior precisión os obxectivos, actividades e recursos previstos.